



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA**

**SERVIZO DE CONTABILIDADE**

**RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A LIQUIDACIÓN DE GASTOS E INGRESOS DO ORZAMENTO DESTA DEPUTACIÓN CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2018.**

**Don VALENTIN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña:**

**RESOLVO**

**PRIMEIRO:** Aprobar a Liquidación de Gastos e Ingresos do Orzamento desta Deputación correspondente ao exercicio 2018, formulada pola Intervención a teor do establecido no art.191 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e no art.90.1 do R.D. 500/90. O expediente da Liquidación do Orzamento provincial do exercicio 2018 foi formulado polo Servizo de Contabilidade, adscrito á Intervención Xeral, e consta da seguinte documentación:

- Estados numéricos da Liquidación do Orzamento de Gastos e Ingresos
- Remanentes de Crédito a 31 de decembro
- Acta de arqueo a 31 de decembro
- Resultado orzamentario do exercicio 2018
- Remanente de tesourería do exercicio 2018
- Informe da Intervención do 24 de xaneiro de 2019

O detalle das magnitudes económicas de final de exercicio é o seguinte:

**A) RESULTADO PRESUPUESTARIO DEL EJERCICIO 2018:**

1. Derechos Reconocidos Netos.....	198.947.064,89
2. Obligaciones Reconocidas Netas.....	163.752.015,11
TOTAL R.P. SIN AJUSTAR I=(1-2)	35.195.049,78
3. Gtos. Financ. Con Remanente de Tesorería.....	43.299.804,07
4. Desviaciones Negativas de Financiación.....	102.959,45
5. Desviaciones Positivas de Financiación.....	449.212,96
TOTAL AJUSTES II=(3+4-5)	42.953.550,56
TOTAL R.P. AJUSTADO (I+II)	78.148.600,34

**B) REMANENTE DE TESORERÍA DEL EJERCICIO 2018:**

1) R.T. TOTAL	309.847.177,06
2) AJUSTES	4.129.058,56
Saldos de dudoso cobro.....	4.053.713,32
Exceso de financiación afectada.....	75.346,24
3) R.T. PARA GASTOS GENERALES (1-2)	305.718.118,50

**SEGUNDO:** Con base nos datos obtidos sobre a cualificación de Remanentes de 2018, de conformidade co establecido na Base 37ª de execución do orzamento provincial e en aplicación ao principio de prudencia, aprobar a afectación do REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS ao financiamento dos gastos comprendidos nas situacións que a continuación se detallan e ás reservas que se expresan, polos importes que se indican:

<b>A) REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS</b>	<b>305.718.118,50 €</b>
<b>B) RESERVAS</b>	<b>268.693.608,59 €</b>
1) Financiamento complementario para a incorporación de Remanentes de incorporación obrigatoria	1.688.632,68 €
2) Incorporación de Remanentes relativos a gastos comprometidos durante 2018	53.004.663,52 €
3) Remanentes de crédito producidos durante 2018 que quedando en fase "A" teñan carácter incorporable	80.314.399,70 €
4) Incorporación de Remanentes relativos a Gastos en fase "RC" de 2018 con carácter incorporable	35.748.727,69 €
5) Reserva de Remanente para financiamento de Compromisos de Gasto adquiridos en exercicios anteriores a 1-1-18, non incorporables e pendentes de execución	23.532.270,60 €
6) Reserva de Remanente para financiamento de autorizacións de gasto adquiridas no ano 2018 e anteriores, de carácter non incorporable e pendentes de comprometer	22.163.310,78 €
7) Reserva de Remanente para financiamento de RC de gastos adquiridos no ano 2018 e anteriores, de carácter non incorporable e pendentes de autorizar	7.937.417,34 €
8) Reserva do importe de superávit orzamentario por operacións non financeiras (art. 32 L.O. 2/2012)	44.304.186,28 €
<b>C) REMANENTE DE TESOURERÍA DISPOÑIBLE</b>	<b><u>37.024.509,91 €</u></b>

O importe do superávit orzamentario por operacións non financeiras referido no apartado 8) será xestionado de acordo co establecido no artigo 32 e na Disposición adicional sexta da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, na redacción dada a estes preceptos pola Lei orgánica 9/2013, do 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, nos termos que dispoña a Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2019. Para tal fin deberá terse en conta o establecido na Disposición adicional décimo sexta do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, na redacción dada a este precepto pola Disposición final primeira do Real decreto lei 2/2014, do 21 de febreiro, ("Investimento financeiramente sustentable").

A contía resultante para financiar novos gastos (apartado C) poderá incrementarse nos importes que as unidades xestoras consideren que non son necesarios para atender os gastos contemplados nos puntos 3, 4, 6 e 7 anteriormente citados.

**TERCEIRO:** Dar conta da Liquidación do Orzamento de 2018 á Comisión Informativa de Economía, Facenda, Persoal e Réxime Interior na primeira sesión que se celebre a partir da data desta Resolución, e posteriormente ao Pleno corporativo, en cumprimento do establecido no apdo.4 do art. 193 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Así mesmo, remitir copia da Liquidación á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma en cumprimento co establecido no apartado 5 do artigo 193 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

Tamén se remitirá a información establecida na Orde EHA/468/2.007, do 22 de febreiro, pola que se establecen as condicións xerais e o procedemento para a presentación telemática da liquidación dos orzamentos das entidades locais e da información adicional requirida para a aplicación efectiva do principio de transparencia no ámbito de estabilidade orzamentaria, e na Orde HAP/2082/2014, do 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.